


# O CASCO HISTÓRICO E A SÚA RECUPERACIÓN

5 Día Mundial da arquitectura  
5 de outubro

OURENSE



Ás 19.00 horas do luns 5 de outubro de 2009 con motivo do DÍA MUNDIAL da ARQUITECTURA na Praza da Herrería do Casco Histórico de Ourense, colocarase unha placa de recoñecemento ao Casco Histórico e a súa recuperación.

Contaremos coa asistencia do Arquitecto Manolo Gallego Jorreto que nos dirá unhas palabras e posteriormente procederemos a unha visita a súa recente obra realizada na mesma praza e a un paseo polo Casco Histórico para ver todas as actuacións realizadas nestes últimos anos.

Posteriormente convidarase a os asistentes a uns pinchos e uns viños.

# O CASCO HISTÓRICO E A SÚA RECUPERACIÓN

## O CASCO HISTÓRICO DA CIUDADE DE OURENSE E A SÚA RECUPERACIÓN COMO EXEMPLO DE SUSTENTABILIDADE:

O concepto de sustentabilidade surxe como o resultado do análise da situación do mundo, sendo o desenvolvemento sustentable aquel que satisface as necesidades da xeración presente sin comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfacerse.

Entendemos que na actualidade requírese a incorporación do concepto de sustentabilidade tanto na arquitectura como no urbanismo.

A sustentabilidade na arquitectura responde a diversos factores: sendo os más importantes o ecosistema, as enerxías, a tipoloxía dos materiais, os residuos e a movilidade. De todos eles o que entraña máis dificultades é a xestión do ecosistema, que se refire ao uso do solo e do urbanismo.

É importante e urxente, polo tanto, volver a reflexionar sobre as nosas cidades e as súas dinámicas de crecemento dende o punto de vista da sustentabilidade, porque a día de hoxe sabemos que o crecemento ou é sustentable ou non será posible.

As cidades a día de hoxe, vénse caracterizadas por un crecemento desorbitado, soamente algunas foron elaborando un plan de aproveitamento e revalorización da trama urbánistica existente.

Neste sentido, valoramos o esforzo realizado na cidade de Ourense, na recuperación e posta en valor do seu Casco Histórico, tras un longo período de abandono.

O casco histórico de Ourense sufriu moitas transformacions nos últimos anos, pasando de ser unha zona pouco transitada e incluso marxinal a ser un punto referente para a cidade, todo iso debido as rehabilitacions e actuacions feitas para todo tipo de usos, residencial, administrativo, cultural, recreativo desde a iniciativa pública e privada.

Realizaronse numerosos programas de subvencións e axudas para a recuperación do mesmo, facendo que a día de hoxe traballasen nel máis de 100 arquitectos entre os cales figurán dous dos premios nacionais de arquitectura.

Si imos máis alá no análisis do Casco Histórico de Ourense, poderíamos dicir que él mesmo na súa concepción xa era sustentable; facilitaba a movilidade dos peóns, buscaba orientacións óptimas para un mellor aproveitamento solar, ubicaba os comercios, talleres, etc. nas plantas baixas para aproveitar o calor que se desprendía delas.

As parcelas eran estreitas e alongadas, facendo que se aproveitasen mellor as características técnicas dos materiais tradicionais que non permitían grandes luces.

A trama urbanística densa e abigarrada pero ao mesmo tempo con notables e variados espacios públicos, consegue coa súa elevada densidade edificatoria un alto aproveitamento do limitado recurso do solo.

As vivendas construídas entre medianeras, diminúen as perdas de calor a través das fachadas ao mínimo, ao tempo que a orientación do río Norte - Sur permite o óptimo soleamento das rúas.

É por todo esto polo que consideramos AO CASCO HISTÓRICO DA CIDADE DE OURENSE E A SÚA RECUPERACIÓN un claro exemplo de SUSTENTABILIDADE, xa que o mesmo no seu conxunto, trata de albergar as demandas dos cidadáns a día de hoxe aproveitando a trama urbanística existente, recuperando o entorno que nos rodea e respondendo a criterios de conservación, recuperación, fácil movilidade, reutilización e innovación arquitectónica.

